

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

10221 *Real decreto 948/2009, do 5 de xuño, polo que se determinan a composición, as funcións e as normas de funcionamento do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.*

A Lei 42/2007, do 13 de decembro de 2007, do patrimonio natural e da biodiversidade, establece o réxime xurídico básico da conservación, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade, como parte do deber de conservar e do dereito a desfrutar dun ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, establecido no artigo 45.2 da Constitución.

Alei crea, no seu artigo 8, o Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, como órgano de participación pública no ámbito da conservación e o uso sustentable do patrimonio natural e a biodiversidade, e establece que a súa composición e funcións se determinarán regulamentariamente, logo de consulta coas comunidades autónomas, garantíndose, en todo caso, a participación das organizacións profesionais, científicas, empresariais, sindicais e ecoloxistas máis representativas.

Tendo en conta que o uso sustentable do patrimonio natural e a biodiversidade se inclúen no ámbito da protección ambiental, dispónse que o Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade asumirá as funcións atribuídas ao Consello Asesor de Medio Ambiente, regulado no artigo 19 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente naqueles asuntos que, pola súa especificidade, se deban someter á súa consideración.

Na tramitación do proxecto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas do sector que resultan afectadas. O texto foi tamén posto ao dispor do público, de acordo co previsto no artigo 16 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, que regula os dereitos á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 5 de xuño de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto determinar a composición e as funcións do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, adscrito ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a través da Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal, como órgano de participación pública no ámbito da conservación e o uso sustentable do patrimonio natural e da biodiversidade, e establecer as normas que regulan o seu funcionamento en cumprimento do que establece o artigo 8 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

Artigo 2. *Funcións.*

1. Corresponden ao Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade as seguintes funcións:

- a) Emitir informe sobre as normas e plans de ámbito estatal, relativas ao patrimonio natural e á biodiversidade, facendo un seguimento deles e valorando a incidencia social, económica e ambiental das políticas públicas.
- b) Coñecer, antes da súa publicación, o informe anual sobre o estado e evolución do patrimonio natural e da biodiversidade.
- c) Emitir informe, antes da súa aprobación, sobre o Plan Estratégico Estatal do patrimonio natural e da biodiversidade.
- d) Emitir informe, antes da súa aprobación, sobre as directrices para a ordenación dos recursos naturais a que se deberán axustar os plans de ordenación dos recursos naturais que aproben as comunidades autónomas.
- e) Emitir informe, antes da súa aprobación, sobre as estratexias de restauración dos hábitats en perigo de desaparición.
- f) Emitir informe, antes da súa aprobación, sobre a declaración de espazos naturais protexidos de ámbito estatal.
- g) Emitir informe, antes da súa aprobación, sobre as estratexias de conservación de especies ameazadas presentes en máis dunha comunidade autónoma.
- h) Emitir informe, antes da súa aprobación, sobre as estratexias de xestión, control e posible erradicación das especies do Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras.
- i) Impulsar a realización de informes e estudos sobre o sector forestal e facer o seguimento dos plans e programas de ámbito estatal relativos aos montes, nos cales se valore a incidencia social, económica e ambiental das políticas públicas.
- j) Propor ás administracións públicas as medidas que se consideren oportunas para mellorar a xestión sustentable do monte e a competitividade do sector.
- k) Elaborar un informe anual sobre o sector forestal español que recolla a súa situación, evolución e perspectivas.
- l) Impulsar o diálogo, participación e colaboración de todas as administracións, institucións e axentes sociais e económicos implicados no uso sustentable dos recursos naturais, propiciando a troca de información entre todos os integrantes do Consello dos temas que sexan obxecto de debate.
- m) Asesorar técnica e cientificamente as delegacións españolas, cando sexa requirido para isto a través do seu presidente por quen exerza a presidencia ou xefatura da delegación española, en organismos, conferencias e reunións internacionais relacionadas coa conservación do patrimonio natural e da biodiversidade e contribuír ao cumprimento das obrigas derivadas destes.

2. O Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade asumirá as funcións do Consello Asesor de Medio Ambiente nas materias sometidas á súa consideración.

Artigo 3. *Composición.*

O Consello estará integrado polos seguintes membros:

- a) Presidencia: secretario de Estado de Medio Rural e Auga.
- b) Vicepresidencia: secretario xeral de Medio Rural.
- c) Os vogais seguintes:

1.º Oito vogais en representación da Administración xeral do Estado, con categoría, polo menos, de director xeral, dos cales tres corresponderán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, un ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, un ao Ministerio de Sanidade e Política Social, un ao Ministerio de Vivenda, un ao Ministerio de Ciencia e Innovación e un ao Ministerio de Cultura.

2.º Dous vogais en representación das organizacións empresariais máis representativas.

3.º Dous vogais en representación das organizacións sindicais máis representativas.

4.º Tres vogais en representación das organizacións agrarias de carácter xeral máis representativas.

5.º Un vogal en representación das asociacións de consumidores e usuarios de ámbito nacional.

6.º Cinco vogais en representación dos colexios profesionais cuxa actividade teña relación ou incidencia na conservación e uso sustentable do patrimonio natural e da biodiversidade.

7.º Un vogal representante da axencia estatal do Consello Superior de Investigacións Científicas.

8.º Dous vogais en representación do sector universitario.

9.º Cinco vogais representantes das organizacións non gobernamentais de ámbito estatal vinculadas á conservación e uso sustentable do patrimonio natural e da biodiversidade.

10.º Dous vogais representantes de federacións españolas de deportes cuxa práctica se leve a cabo no medio natural e que teñan incidencia sobre a conservación das especies e os hábitats.

11.º Un representante das confrarías de pescadores.

12.º Dous representantes de asociacións de propietarios de terreos incluídos en espazos protexidos.

13.º Un representante das entidades de custodia do territorio.

Integraranse no Consello, con voz pero sen voto, un representante de cada comunidade autónoma, das cidades de Ceuta e Melilla e un representante da Administración local.

Artigo 4. *Nomeamento e mandato.*

1. O nomeamento dos vogais do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade será realizado polo secretario de Estado de Medio Rural e Auga, por proposta das seguintes administracións ou entidades:

a) Os vogais da Administración xeral do Estado, por proposta dos ministros correspondentes.

b) Os representantes das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, por proposta destas.

c) Un representante dunha entidade local que, no ámbito das súas competencias e no marco do establecido na lexislación estatal e autonómica, teña establecido medidas normativas ou administrativas adicionais de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade, por proposta da asociación de ámbito estatal máis representativa.

d) Os vogais de organizacións empresariais, por proposta das asociacións empresariais de ámbito estatal con maior representación.

e) Os vogais das organizacións sindicais, por proposta das organizacións sindicais de ámbito estatal máis representativas.

f) Os vogais das organizacións agrarias de carácter xeral, por proposta das que teñan a condición de máis representativas, de acordo co establecido na lexislación sectorial.

g) O vogal das asociacións de consumidores e usuarios de ámbito nacional, por proposta do Consello de Consumidores e Usuarios.

h) Os vogais procedentes dos colexios profesionais, por acordo dos consellos xerais ou, na súa falta, polos colexios nacionais das seguintes profesións: enxeñeiros superiores de montes, enxeñeiros superiores agrónomos, xeólogos, biólogos, veterinarios, xeógrafos, enxeñeiros técnicos forestais e enxeñeiros técnicos agrícolas. Esta representación fixarase con carácter rotatorio por acordo das propias organizacións.

i) O vogal da axencia estatal do Consello Superior de Investigacións Científicas, por proposta do seu presidente.

j) Os vogais procedentes do sector universitario, por proposta do Consello de Universidades.

k) Os vogais das organizacións non gobernamentais serán os que figuran no anexo da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

l) Os vogais das federacións deportivas, por proposta do Consello Superior de Deportes.

m) O vogal en representación das confrarías de pescadores por proposta da súa federación nacional.

n) Os vogais das asociacións de propietarios de terreos incluídos en espazos protexidos, por proposta das asociacións de propietarios de ámbito estatal con maior representación.

ñ) O vogal das entidades de custodia do territorio por proposta da entidade ou asociación ou federación de entidades de custodia máis representativa.

2. As administracións ou entidades realizarán a súa proposta de representantes ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño nun prazo máximo de dous meses a partir da entrada en vigor deste real decreto.

3. A duración do mandato dos membros do Consello será de tres anos, mandato que pode ser renovado por igual período de tempo. Non procederá a renovación nos supostos de rotación de representantes, de acordo co establecido no número 1 deste artigo.

4. A condición de membro do Consello perderase por expiración do mandato, por cesar no cargo que determinou o nomeamento ou por calquera outra causa legal.

Artigo 5. *Secretaría do Consello.*

A secretaría administrativa do Consello será desempeñada por un funcionario do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño designado polo director xeral de Medio Natural e Política Forestal.

Artigo 6. *Réxime de funcionamento.*

1. O Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade establecerá as súas propias normas de funcionamento, nas cales se determinará o réxime de acordos.

2. O Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade reunirse, polo menos, unha vez ao ano.

3. O presidente convocará as reunións do Consello e fixará a orde do día, por iniciativa propia ou por solicitude de, polo menos, a metade máis un dos membros. A convocatoria das reunións efectuarase con, polo menos, quince días de anticipación á súa data de celebración, prazo que se pode reducir, a xuízo do presidente, en caso de urxencia.

4. Non obstante o previsto no número anterior, o presidente poderá acordar o procedemento escrito, sen necesidade de constitución do Consello, sempre que existan razóns imperiosas debidamente motivadas que así o xustifiquen. Unha vez acordado o procedemento, o Consello deberase pronunciar nun prazo non superior a un mes, entendéndose que, unha vez que transcorra o prazo, queda substanciado o mencionado trámite.

5. Cando o obxecto da reunión o requira, o presidente poderá convocar expertos que a asistan en materias da súa competencia.

6. No seo do Consello poderanse constituír comisións ou grupos de traballo para a análise, o seguimento e o estudo de temas concretos.

7. Sen prexuízo das peculiaridades previstas neste real decreto, o Consello axustará o seu funcionamento ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional primeira. Modificación do Real decreto 1424/2008, do 14 de agosto, polo que se determinan a composición e as funcións da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, se ditan as normas que regulan o seu funcionamento e se establecen os comités especializados adscritos a ela.

Engádesse un número 5 no artigo 5 do Real decreto 1424/2008, do 14 de agosto, polo que se determinan a composición e as funcións da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, se ditan as normas que regulan o seu funcionamento e se establecen os comités especializados adscritos a ela, coa seguinte redacción:

«5. O Presidente do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, regulado no Real decreto 948/2009, do 5 de xuño, procederá por

solicitud de do presidente da Comisión á designación daqueles representantes convidados a participar nos comités especializados.»

Disposición adicional segunda. *Medios de funcionamento.*

A constitución e o funcionamento do órgano colexiado regulado neste real decreto non suporá incremento ningún do gasto público e atenderase cos recursos persoais e materiais existentes no Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Disposición adicional terceira. *Asunción de funcións do Consello Nacional de Bosques.*

Conforme o disposto na disposición adicional cuarta, 2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, o Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade asume as funcións do Consello Nacional de Bosques recoñecidas na normativa vixente, especialmente na Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

Disposición adicional cuarta. *Regulamento interno de funcionamento.*

O Consello Estatal de Patrimonio Natural e a Biodiversidade aprobará o seu regulamento interno de funcionamento por maioría dos seus membros nun prazo non superior a seis meses desde a súa constitución.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 203/2000, do 11 de febreiro, polo que se crea o Consello Nacional de Bosques.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de xuño de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA